

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE CULTURA

2 *REAL DECRETO 1573/2007, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria.* («BOE» 1, do 1-1-2008.)

As bibliotecas de titularidade pública contribúen a facer efectivos algúns dos dereitos que a Constitución lles reconece aos cidadáns. Entre eles, o dereito a recibir libremente información veraz [artigo 20.1.d)], o dereito á educación (artigo 27.1) e o dereito de acceso á cultura (artigo 44.1). Para facer máis eficaz esa contribución, as diferentes administracións públicas, no exercicio das súas competencias e no marco da autonomía de que gozan para a xestión dos seus respectivos intereses, crean bibliotecas, dótanas e fomentan o seu uso e desenvolvemento.

A Administración xeral do Estado ten atribuída competencia exclusiva sobre as bibliotecas da súa titularidade, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas (artigo 149.1.28 da Constitución). Ademais, o artigo 149.2 proclama que, «sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas». As comunidades autónomas, pola súa parte, asumirán, nos seus respectivos estatutos de autonomía, competencias sobre as bibliotecas do seu interese. Pola súa parte, os municipios, que, conforme a Constitución, gozan de autonomía, exercen competencias sobre «actividades ou instalacións culturais», e aqueles con poboación superior a 5.000 habitantes-equivalentes están, ademais, obrigados a prestar o servizo de biblioteca pública [artigos 25.2.m) e 26.1.b), respectivamente, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local]. A provincia ten como fin propio e específico o de «asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal» [artigo 31.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local], entre os cales está, como se viu, o de biblioteca pública. Ademais, é competencia propia da provincia «a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, de ser o caso, supracomarcal» [artigo 36.1.c) da Lei 7/1985] entre os cales se poden encontrar, en determinados casos e circunstancias, os de biblioteca. As universidades tamén teñen recoñecida a súa autonomía na Constitución (artigo 27.10), e dentro desa autonomía inclúese a capacidade de crear «estruturas específicas que actúen como soporte da investigación e da docencia» [artigo 2.2.c) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades], infraestruturas entre as cales hai que entender incluídas, desde logo, as bibliotecas universitarias.

O complexo panorama de competencias descrito fai necesaria a creación dun órgano colexiado de composición interadministrativa que canalice a cooperación bibliotecaria entre as administracións públicas, tal e como prevé o artigo 15 da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, entendendo por tal cooperación bibliotecaria «os vínculos que, con carácter voluntario, se establecen entre as bibliotecas e sistemas bibliotecarios dependentes das diferentes administracións públicas e de todo tipo de entidades privadas para intercambiar información, ideas, servizos, coñecementos especializados e medios coa finalidade de optimizar os recursos e desenvolver os servizos bibliotecarios». Así mesmo, a Lei 10/2007, do 22 de xuño, sinala que a Administración xeral do Estado, en colaboración co resto das administracións públicas e todo tipo de entidades privadas, promoverá e impulsará a cooperación bibliotecaria mediante o establecemento de plans específicos que se avaliarán e actualizarán periodicamente. O Consello de Cooperación Bibliotecaria aspira a ser o órgano que poña en marcha e avalíe os devanditos plans, que terán como finalidade favorecer e promover o desenvolvemento e a mellora das condicións das bibliotecas e dos seus servizos.

Este regulamento foi elaborado e consensuado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais e das universidades.

A habilitación legal específica deste regulamento encóntrase no artigo 15.2 da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, que establece que a «composición» do Consello de Cooperación Bibliotecaria, «que se desenvolverá regulamentariamente, no prazo máximo dun ano, consensuarase coas comunidades autónomas e incluírá, polo menos, representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais e do Consello de Universidades. Así mesmo, haberá unha representación das sociedades profesionais de bibliotecarios, con dereito a voz pero sen voto».

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de novembro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria.*

Apróbase o Regulamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 24 e 25 do Real decreto 582/1989, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de bibliotecas públicas do Estado e do Sistema

Español de Bibliotecas, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. Entrada *en vigor*.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Cultura,
CÉSAR ANTONIO MOLINA SÁNCHEZ

REGULAMENTO DO CONSELLO DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA

CAPÍTULO I

Obxecto, composición e funcións do Consello de Cooperación bibliotecaria

Artigo 1. *Obxecto*.

1. Este regulamento ten por obxecto regular a composición, funcións, organización e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria previsto no artigo 15 da Lei 10/2007, do 22 de xuño.

2. O Consello de Cooperación Bibliotecaria configúrase como órgano colexiado de composición interadministrativa, adscrito ao Ministerio de Cultura, coa finalidade de canalizar a cooperación bibliotecaria entre as administracións públicas.

Artigo 2. *Composición*.

1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria estará composto por presidente, vicepresidente, vogais e secretario.

2. O presidente do Consello será o titular da Subsecretaría de Cultura.

3. O vicepresidente será un dos vogais designados en representación das comunidades autónomas, de acordo co previsto no artigo 7 deste regulamento.

4. Serán vogais do Consello

a) En representación da Administración xeral do Estado:

1.º O director xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, do Ministerio de Cultura.

2.º O director xeral da Biblioteca Nacional.

3. Un representante do Ministerio de Educación e Ciencia, con rango de director xeral.

4.º Un representante do Consello de Universidades.

b) En representación das comunidades autónomas: un representante designado por cada unha das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

c) En representación da Administración local: tres membros designados pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

d) O reitor presidente da Rede de Bibliotecas Universitarias (REBIUN).

e) Os presidentes de cada unha das comisións técnicas de cooperación do Consello.

f) Un vogal por proposta das asociacións profesionais máis representativas do sector no ámbito nacional, en representación dos sectores profesionais afectados.

Os vogais previstos nas alíneas b), c) e f) deste número serán nomeados polo presidente do Consello.

5. O secretario será o subdirector xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura, que actuará no Pleno con voz pero sen voto.

Artigo 3. *Nomeamento, renovación e substitución dos vogais*.

1. Os vogais do Consello de Cooperación Bibliotecaria a que se refire o número 4, alíneas a) e d), do artigo anterior, serano por razón do seu cargo.

2. Os vogais do Consello de Cooperación Bibliotecaria a que se refire o número 4, alíneas b), c) e f), do artigo anterior, exercerán as súas funcións desde a data dos seus nomeamentos e ata a súa renovación por iniciativa das entidades ou asociacións que realizaran a súa designación ou proposta. Os vogais previstos no número 4.e) serano mentres non sexan substituídos como presidentes das respectivas comisións técnicas.

Artigo 4. *Funcións do Consello de Cooperación Bibliotecaria*.

Son funcións do Consello de Cooperación Bibliotecaria:

1. Promover a integración dos sistemas bibliotecarios de titularidade pública no Sistema Español de Bibliotecas, de conformidade co previsto no artigo 14.2.c) da Lei 10/2007, do 22 de xuño, e impulsar os diferentes tipos de bibliotecas e de redes bibliotecarias potenciando o seu desenvolvemento específico e fomentando liñas de cooperación entre eles.

2. Elaborar plans específicos para favorecer e promover o desenvolvemento e a mellora das condicións das bibliotecas e os seus servizos. Entre outros obxectivos, estes plans promoverán a prestación duns servizos básicos mínimos nas bibliotecas, atendendo á diversidade lingüística do Estado español, e a adopción de estándares e indicadores que faciliten un servizo público de calidade. Estes plans avaliaranse e actualizaranse periodicamente e adoptarán como marco de referencia as directrices, pautas, estándares, recomendacións, normas técnicas ou outros documentos similares emanados de organismos nacionais e internacionais que lles sexan de aplicación.

3. Promover e fomentar o intercambio e a formación profesional no ámbito bibliotecario.

4. Informar preceptivamente sobre as disposicións legais e regulamentarias que afecten as bibliotecas españolas en conxunto.

5. Propor a posta en marcha de proxectos cooperativos que supoñan un beneficio para a sociedade en xeral.

6. A preparación, estudo e desenvolvemento de todo tipo de actuacións relacionadas coas bibliotecas que lle encomenden as conferencias sectoriais de Cultura e de Educación e a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas.

CAPÍTULO II

Os órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria. A súa composición e funcións

Artigo 5. *Do Pleno, da Comisión Permanente e das comisións técnicas de cooperación*.

1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria funcionará en Pleno, en Comisión Permanente e en comisións técnicas de cooperación.

2. Como comisións técnicas do Consello de Cooperación Bibliotecaria establécense as seguintes:

a) Comisión Técnica de Cooperación da Biblioteca Nacional de España e das Bibliotecas Nacionais e Rexionais das Comunidades Autónomas.

b) Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Públicas.

c) Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Escolares.

d) Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Universitarias.

e) Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Especializadas.

3. Poderanse constituír grupos de traballo no seo de cada unha das comisións técnicas previstas no número anterior para cuestións referidas aos seus respectivos ámbitos. A Comisión Permanente poderá crear grupos de traballo mixtos que se refiran a cuestións que afecten varios tipos de biblioteca. O Pleno poderá constituír aqueles grupos de traballo que considere necesarios para levar a cabo as funcións atribuídas ao Consello de Cooperación Bibliotecaria. En todo caso, no acordo de creación dos grupos de traballo recollerase a composición, podendo designar o respectivo coordinador, a finalidade e os cometidos para que se crean.

As comisións e grupos de traballo poderanse incorporar, con carácter temporal, asesores externos que colaborarán como expertos, con voz pero sen voto.

Artigo 6. *Do presidente do Consello de Cooperación Bibliotecaria.*

1. Corresponden ao presidente do Consello as seguintes funcións:

a) Exercer a representación do Consello de Cooperación Bibliotecaria e impulsar as súas actividades, velando polo adecuado funcionamento dos seus órganos e servizos.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e fixar a orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros, formuladas coa suficiente antelación.

c) Presidir as sesións do Pleno e moderar o desenvolvemento dos debates.

d) Dirimir co seu voto os empates no Pleno, para efectos de adoptar acordos.

e) Exercer cantas outras funcións lle atribúa este regulamento ou sexan inherentes á súa condición de presidente do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

2. En casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

Artigo 7. *Do vicepresidente.*

A vicepresidencia do Consello de Cooperación Bibliotecaria será exercida, por quenda rotatoria, por cada un dos vogais designados en representación das comunidades autónomas, de forma sucesiva, durante un ano, seguindo a orde de aprobación dos seus respectivos estatutos de autonomía, comezando pola máis antiga.

Artigo 8. *Do Pleno.*

1. Integran o Pleno do Consello o presidente, o vicepresidente, os vogais e o secretario do Consello.

2. Serán funcións do Pleno, en relación co previsto no artigo 1, as seguintes:

a) Establecer as liñas xerais de actuación do Consello.

b) Aprobar as propostas que lle sexan presentadas pola Comisión Permanente.

c) Establecer grupos de traballo para a elaboración de estudos, informes, propostas e desenvolvemento de actividades sobre asuntos da súa competencia.

d) Aprobar aquelas regras de funcionamento interno que coide oportunas.

e) Aprobar o informe periódico do Consello.

f) Calquera outra que corresponda ao Consello e que non estea expresamente atribuída a outros órganos deste.

Artigo 9. *Da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente do Consello de Cooperación Bibliotecaria está composta polo director xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas do Ministerio de Cultura, que exercerá a súa presidencia, e polos presidentes de cada unha das comisións técnicas de cooperación previstas no artigo 5. O subdirector xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura asistirá ás reunións da Comisión Permanente con voz pero sen voto. Como secretario actuará un funcionario da Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura, sen voz nin voto.

2. A Comisión Permanente exercerá as seguintes funcións:

a) Acordar, por propia iniciativa ou tras a proposta dunha ou varias comisións técnicas de cooperación, a elevación, para a súa toma en consideración polo Pleno do Consello, de todo tipo de propostas relacionadas coa cooperación bibliotecaria. Con anterioridade á adopción do devandito acordo darase, de ser o caso, coñecemento das propostas aos membros das comisións técnicas non proponentes a través do presidente de cada unha delas.

b) Acordar a convocatoria de reunións conxuntas de todos os membros das diferentes comisións técnicas de cooperación.

c) Preparar as reunións do Pleno.

d) Levar a cabo o seguimento das iniciativas ou decisións adoptadas polo Pleno.

e) Acordar, por propia iniciativa ou por proposta dunha ou varias comisións técnicas de cooperación, a creación de grupos de traballo mixto cuxo obxecto se refira a cuestións que afecten varios tipos de bibliotecas. No acordo de creación determinarase as comisións técnicas de cooperación a que afecte o obxecto do grupo de traballo e o número máximo de membros deste, de maneira que cada unha das devanditas comisións técnicas de cooperación afectadas poida designar un número igual de compoñentes do grupo de traballo mixto.

f) Calquera outra que lle asigne o Pleno e, de ser o caso, coa aceptación previa da propia Comisión Permanente, outras que lle asignen as comisións técnicas de cooperación.

Artigo 10. *Das comisións técnicas de cooperación.*

1. As comisións técnicas de cooperación previstas no artigo 5.2 terán a seguinte composición:

a) A Comisión Técnica de Cooperación da Biblioteca Nacional de España e das Bibliotecas Nacionais e Rexionais das Comunidades Autónomas estará composta por un representante da Biblioteca Nacional, un representante de cada Administración autonómica e un representante do Ministerio de Cultura, designados por aqueles que no Pleno sexan os seus respectivos representantes.

b) A Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Públicas estará composta por dous representantes do Ministerio de Cultura, un representante de cada Administración autonómica e dous representantes da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implanta-

ción, designados por aqueles que no Pleno sexan os seus respectivos representantes.

A Comisión acordará a designación doutros seis membros por proposta da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación e de asociacións de entidades locais de ámbito autonómico con maior implantación no devandito ámbito.

Adóptanse como marco de referencia do traballo desta Comisión as directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas ou documento que o substitúa no futuro.

c) A Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Escolares, ou órgano que para tal efecto se cree no seo da Conferencia Sectorial de Educación, coas funcións e organización que así mesmo se establezan.

d) A Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Universitarias será exercida, para os efectos previstos neste regulamento, pola Rede de Bibliotecas Universitarias (REBIUN).

e) A Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Especializadas estará composta por un representante do Ministerio de Cultura, un representante do Ministerio de Educación e Ciencia e un representante de cada Administración autonómica, designados por aqueles que no Pleno sexan os seus respectivos representantes.

2. Os membros das comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas a), b) e e) do número anterior elixirán de entre os seus membros os seus respectivos presidentes por un período de dous anos. O dito presidente poderá ser reelixido unha vez polo mesmo período. Así mesmo, designarán os seus respectivos secretarios. Se o presidente que resulte elixido é substituído como membro da correspondente comisión, a presidencia corresponderá a quen o substitúa ata que finalice o mandato que lle correspondía exercer ao substituído.

O presidente da Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Escolares, ou órgano que para tal efecto se cree no seo da Conferencia Sectorial de Educación, será o que estableza a súa propia normativa, e a súa elección e reelección rexeranse, igualmente, pola devandita normativa.

O presidente da Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Universitarias será o secretario executivo de REBIUN e a súa elección e reelección rexeranse pola súa propia normativa.

3. As funcións das comisións técnicas de cooperación son:

a) Tratar calquera clase de cuestión relacionada coa tipoloxía de biblioteca a que se refire cada comisión e adoptar os acordos que coiden convenientes sobre estas.

b) Propor, precedendo acordo, á Comisión Permanente a creación de grupos de traballo mixtos cuxo obxecto se refira a cuestións que afectan varios tipos de bibliotecas, un dos cales sexa o tipo de biblioteca da comisión técnica de cooperación que adopta o acordo.

c) Propor á Comisión Permanente a elevación, para a súa toma en consideración polo Pleno do Consello, de todo tipo de propostas relacionadas coa tipoloxía de biblioteca a que se refire cada comisión.

d) Acordar a creación dos grupos de traballo que coiden convenientes para cuestións referidas unicamente á tipoloxía de biblioteca de que se ocupa cada comisión.

e) Elevar, tras o correspondente acordo, á Comisión Permanente os resultados dos traballos e os acordos adoptados polos grupos de traballo mencionados na alínea d).

Artigo 11. *Da secretaría permanente.*

1. A secretaría permanente de todos os órganos que compoñen o Consello, coa excepción das comisións téc-

nicas de cooperación previstas nas alíneas c) e d) do artigo 10.1, recae na Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura.

2. Son funcións da secretaría permanente:

a) Elaborar as actas das sesións celebradas polo Pleno e a Comisión Permanente.

A elaboración das actas das sesións que celebren as comisións técnicas de cooperación e os grupos de traballo será responsabilidade dos seus secretarios, que as deberán remitir, asinadas por eles e polo presidente ou coordinador, segundo corresponda, á secretaría permanente. Os secretarios das comisións técnicas de cooperación e dos grupos de traballo remitirán, ademais, á secretaría permanente, asinados por eles e polos seus presidentes respectivos ou coordinadores segundo corresponda, todos os documentos xerados como resultado dos seus traballos e actividades.

b) O depósito e a custodia de todos os documentos que xere a actividade do Consello e os seus órganos.

c) Garantir a continuidade e o funcionamento dos órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

d) O fomento e promoción da cooperación bibliotecaria e a difusión da actividade de todos os órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

e) Calquera outra que lle asignen o Pleno ou a Comisión Permanente.

3. Co obxectivo de fomentar e impulsar a cooperación bibliotecaria, as comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas c) e d) do artigo 10.1 poderán remitir á secretaría permanente as actas e documentos que xeren as sesións que desenvolvan e os traballos e actividades que leven a cabo todos os órganos das ditas comisións.

Artigo 12. *Dos dereitos e obrigas dos membros dos órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria.*

Aos membros dos órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria correspóndelles:

a) Recibir, cunha antelación mínima dunha semana, a convocatoria, que conterá a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo, salvo razóns de urxencia.

b) Participar nas deliberacións das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto, salvo nos casos expresamente establecidos neste regulamento, e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular rogos e preguntas.

e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

CAPÍTULO III

Do funcionamento dos órganos do Consello de Cooperación Bibliotecaria

Artigo 13. *Convocatorias.*

1. Para a válida constitución do Pleno do Consello de Cooperación Bibliotecaria, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirírase a presenza do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros con dereito a voto. O mesmo será de aplicación á Comisión Permanente.

Para a válida constitución das comisións técnicas de cooperación requirírase a presenza de, polo menos, un terzo dos seus membros.

No suposto de non alcanzarse quórum suficiente en primeira convocatoria, entenderase efectuada unha segunda convocatoria pasada media hora da fixada inicialmente, e poderase celebrar a sesión que corresponda, calquera que sexa o número dos membros asistentes.

2. O presidente da Comisión Permanente, os presidentes das comisións técnicas de cooperación e os coordinadores dos grupos de traballo fixarán a orde do día das sesións tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros destes órganos, formuladas con suficiente antelación.

Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do órgano e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

3. Por instancia do presidente do Pleno ou da Comisión Permanente ou co acordo previo do órgano que corresponda, os titulares de unidades administrativas do Ministerio de Cultura, do Ministerio de Educación, das comunidades autónomas ou doutros órganos poderán asistir ás súas sesións, sen dereito a voto, para informar, de ser o caso, dos asuntos da súa competencia.

4. O establecido neste artigo para as comisións técnicas de cooperación non será aplicable ás comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas c) e d) do artigo 10.1.

Artigo 14. *Das sesións.*

1. O Pleno do Consello de Cooperación Bibliotecaria reunirse con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano. Con carácter extraordinario, o Pleno reunirse cando así o acorde o seu presidente ou por solicitude de, cando menos, un terzo dos seus membros. Neste último caso, á solicitude deberáselle xuntar a orde do día que deba tratarse no Pleno.

2. A Comisión Permanente, as comisións técnicas de cooperación previstas nas alíneas a), b) e e) do artigo 10.1, os grupos de traballo creados por algunha delas para tratar cuestións referidas, unicamente, á tipoloxía de biblioteca a que se refire cada unha das devanditas comisións e os grupos de traballo mixtos reuniranse, polo menos, dúas veces ao ano e, ademais, cando o acorde o seu presidente ou coordinador ou por solicitude de, cando menos, un terzo dos seus membros, de acordo co procedemento establecido no número anterior.

Artigo 15. *Dos acordos.*

Os acordos, para seren válidos, deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes con dereito a voto.

Artigo 16. *Dos medios.*

O Ministerio de Cultura proporcionará os medios materiais necesarios para o bo funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria.

Artigo 17. *Réxime xurídico.*

1. No non previsto neste regulamento rexerá o establecido sobre órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do disposto neste regulamento, o Consello poderá aprobar as normas de réxime interno que considere procedentes para o mellor desenvolvemento dos seus traballos.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

A constitución e funcionamento da Comisión non suporá incremento ningún do gasto público e será atendida cos medios materiais e persoais existentes no Ministerio de Cultura.

Disposición adicional segunda. *Constitución de órganos e designación de membros.*

No prazo de 60 días desde a data da entrada en vigor deste regulamento procederase a constituír o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións técnicas de cooperación e á designación dos seus compoñentes.

Disposición adicional terceira. *Grupos de traballo das Xornadas de Cooperación Bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas.*

Os grupos de traballo creados no marco das Xornadas de Cooperación Bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as comunidades autónomas integraranse, no caso de que resulte adecuado en relación co previsto neste regulamento, como grupos de traballo do Consello de Cooperación Bibliotecaria. A Comisión Permanente cualificará os grupos de traballo mixtos ou grupos de traballo adscritos a unha soa comisión técnica de cooperación e establecerá, en ambos os casos, as medidas que cumpra adoptar para adecuar a súa composición ao previsto neste regulamento.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

408 *ORDE EHA/3999/2007, do 27 de decembro, pola que se regula a xestión e control das cotas de produción de azucre e isoglicosa. («BOE» 10, do 11-1-2008.)*

O Regulamento (CE) n.º 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, estableceu a nova organización común de mercados no sector do azucre, dentro da reforma do devandito sector, en substitución da anterior.

O citado regulamento fixa unhas cotas nacionais de produción de azucre e isoglicosa que os Estados membros asignarán entre as empresas produtoras establecidas no seu territorio a partir da campaña de comercialización 2006/2007 e dispón, ao mesmo tempo, a percepción dun canon de produción fixo polas devanditas cotas e dun importe polos excedentes de azucre e isoglicosa producidos en cada campaña ou, de ser o caso, por cotas adicionais asignadas.

Nas súas disposicións de aplicación, contidas no Regulamento (CE) n.º 952/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no referente á xestión do mercado interior do azucre e ao réxime de cotas, e no Regulamento (CE) n.º 967/2006 da Comisión, do 29 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 318/2006, do Consello, no que se refire á produción obtida á marxe de cotas no sector do azucre, regúlase o sistema de declaracións e comunicacións das empresas produtoras, que servirán para determi-